


Primavera das Letras






AS RÚAS DO VENTO CEIBE

En 1979, Manuel María publica un segundo poemario dirixido a todas as nenas e nenos galegos e dun xeito particular para os da cidade, "un tanto esquecidos no outro meu libro para rapaces".

"Os pasos de peatóns
estreitos e sinalados
con raións grandes e grosos
perfectamente pintados.
Os pasos de peatóns
estanche sempre a falar,
ás veces din que pases
e ás veces: non cruzar!"



REAL ACADEMIA GALEGA



"Que marabilla é o circo!
Flor aberta á fantasía
na xorda vulgaridade
da vida de cada día!
O circo é unha maxia,
un engado sorprendente,
unha ledicia sinxela
que contaxia a toda a xente!"

Primavera
das Letras





"O autobús é grandón
e vai cascado e velliño:
ou mete un acelerón
ou anda de vagariño!
Anda solemne e formal.
Mete ruído ao frear.
Case nunca é puntual:
sempre nos fai agardar!"



Primavera
das
Letras





"Astronauta destemido
que guías un foguetón:
non escoitas o ruído
do teu propio corazón?"

Primavera
das
Letras



